

CREACIÓN Os escritores cren que a literatura do país vive un momento de esplendor pero láianse de que as polémicas coa lingua lles poidan afectar aos volumes publicados

Á altura dos desafíos

Ao ver de Jaureguizar, "véndense máis libros en galego pero temos que ser competitivos cos autores de fóra"

V. Oliveira · Santiago

Os escritores galegos coidan que a literatura do país está a vivir un período de esplendor creativo pola cantidade e calidade dos libros publicados máis pola diversidade de posturas ideolóxicas e propostas estéticas que aportan os recién chegados e os máis consolidados.


Esta é a visión do poeta e presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Cesáreo Sánchez, que destaca o momento de "especial fulgor" que viven as letras galegas nos últimos anos. "A produción das novas xeracións de autores mesmo en novos soportes está situando unha vez máis á nosa literatura no tempo histórico que lle toca vivir", asegura.

O presidente da AELG define cal é o papel dos autores á hora de asumir a polémica aberta arredor da lingua. "Dado o momento de especial vulnerabilidade do noso idioma cobra se é posible, maior importancia que os escritores galegos, afortunadamente, están á altura do que o país demanda", reflexiona.

Na súa opinión, o bo momento da literatura do país nótase en que "existe unha certa normalidade en todos os xéneros, mesmo coa posta ao día das novas formas de creación que veñen das novas tecnoloxías".

Do mesmo xeito, para a xornalista e narradora Rosa Aneiros, estamos a vivir "un gran momento na literatura galega, con grandes autores que espero que siga habendo no futuro". Lembra que "temos un núcleo de lectores moito menor que outras literaturas" pero continúa a "publicarse moito", o cal provoca un problema á hora de formular a promoción editorial destas obras. "Resulta dramático que obras que para min son magníficas non estean na lista das máis vendidas porque non son tan promovidas como outras que ao mellor teñen menos interese", incide.

No referente á calidade, a autora reconece que "hai todo tipo de obras" xa que "a literatura galega non pode aspirar á excelencia". Con todo, entre os xéneros como máis esplendor, resalta a literatura infantil e xuvenil, a poesía, "que ten un éxito incontestable aquí e fóra" e as novas formadas de novelistas. Con todo, Rosa Aneiros coída que é necesario que se lles adique aos libros galegos "un maior esforzo de distribución" así como "máis visibilidade nas librerías e nos medios de comunicación". Nisto último coin-



Cesáreo Sánchez (arriba á esquerda), Aneiros, Lema, Jaureguizar (abaixo á esquerda), Vilavedra e Lourenzo

INTERNACIONALIZACIÓN

Éxito dos autores de obras infantís

Tal e como analiza o escritor e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación, Xosé A. Neira Cruz no último *Anuario infantil y juvenil* do Grupo SM, 2008 foi un ano importante para a visibilidade, a internacionalización e o recoñecemento das letras infantís e xuvenís. De feito, a concesión do Premio Nacional de Literatura a Agustín Fernández Paz apontoa o rigor e a calidade das súas propostas, que se unen ás voces que se van consoli-

lando como Marcos S. Calveiro, Marilar Aleixandre, Concha Blanco ou Xabier P. Docampo. Do mesmo xeito, o traballo de editoriais como Kalandraka ou OQO está dando os seus froitos con galardóns aos seus álbums ilustrados en galego. Ademais, o futuro promete coa creación a fins deste ano en Santiago do Centro IBBY das Literaturas Infantís e Xuvenís das Diversidades Culturais, que proxectará ao exterior a literatura galega.

MANUEL LOURENZO, DRAMATURGO

"O teatro que se escribe non se edita"

Para o dramaturgo Manolo Lourenzo, "para todo o teatro que se escribe en Galicia, non se publica nin se estrea nin a metade". Ao seu ver, esta "doenza" deste xénero provoca que "o teatro que se publica é difícil de ver nos escenarios mentres que, pola contra, hai teatro que se estrea e que logo se publica". Na súa opinión, este feito é "un indicio de que ocorre algo raro co teatro en Galicia", afectado dun completo de "autoinculpación". Se-

gundo explica, "as compañías de teatro teñen que aforrar de maneira que moitas veces o director é tamén quen fornece á súa compañía dos textos escritos".

Lourenzo critica asenada a falta de visibilidade do teatro nos andeis das librerías. "Hai unha certa desatención, baseada na lenda de que o teatro non se vende. Por vender, hoxe non se vende nada! O teatro véndese se se quere vender", conclúe o autor.

cide a crítica literaria e profesora Dolores Vilavedra, para quen "sería necesario un maior esforzo para que a literatura galega tivese máis presenza nos nosos medios de comunicación de masas". Ao seu ver, "dende o punto de vista da variedade, estamos nun momento estupendo. cunha traxectoria moi en positivo". A filóloga anota a súa preocupación ante as "polémicas arredor da lingua" polo "dano que pode facer na venda de libros en galego".

A profesora salienta "o pulo que tomou a tradución tanto de clásicos imprescindibles como *As flores do mal* de Baudelaire como de textos actuais de autores como Auster, Atxaga, Pamuk ou Lessing e tamén que se consolidou a literatura infantil, sobre todo, grazas ao álbum ilustrado". No sector da crítica, Vilavedra tamén constata a chegada de "moita xente nova que traballa con rigor, grazas á especialización por xéneros e á presenza de moitos soportes grazas á rede".

Alberto Lema: "A poesía galega é superior á novela"

Entre as novas fornadas de escritores está o vimiáncés Alberto Lema que acaba de publicar en galego e castelán a súa novela *Sídecar*. O autor atopouse con atrancos cando quixo entrar no sistema editorial. "En Galicia

é moi difícil publicar a túa primeira obra, a non ser que sexa pola vía de gañar un premio. As editoriais prefiren apostar por autores consolidados, dende a súa lóxica mercantil, claro", explica.

Ao seu ver, "a poesía galega segue sendo superior á novela niso tan subxectivo como a calidade. En Galicia temos unha ducia de poetas moi interesantes e comparables a culturas veciñas. Habería que estudar por que a novelística non está á súa altura", apunta o autor.

Lema define o ámbito da produción editorial como "un terreo de loita" dende a perspectiva xeracional, estética e ideolóxica. "Hai unha xeración que está na súa madurez creativa e logo, voces novas que van saindo que son por un lado, continuistas e por outro, rupturistas. Dende a perspectiva ideolóxica, na escrita vense oposicións dende un nacionalismo clásico até o independentista republicano ou autonomista. E dende a visión estética, hai autores á vangarda como Chus Pato que apostan pola renovación e a revolución formal e outra produción de masas como Manuel Rivas, que aposta por fórmulas máis clásicas".

Jaureguizar: "Somos axentes da industria cultural galega"

Pola súa parte, o xornalista e escritor Santiago Jaureguizar opina que a literatura galega está "no mellor momento en creación, con moitos autores e obras editadas". Ao seu ver, o terreo é máis complicado no aspecto "comercial": "Véndense máis libros en galego pero temos que ser competitivos coas traducións ó galego de autores de fóra".

Nunha perspectiva crítica, o autor coída que "hai demasiado escritor que se considera capacitado para cambiar a literatura galega pero esquece que as obras hai que vendelas. Hai moita xente facendo obras de calidade sen concesión comercial pero tamén xente que escribe sen ningún tipo de calidade. E iso é responsabilidade dos autores: nós somos axentes importantes na industria cultural galega", afirma.

Para Jaureguizar, existe unha "expansión interesante no mundo do ensaio" mentres que outros xéneros como o da poesía ou o teatro "seguen dando tumbos". O xornalista, que xestiona o blog Cabaret Voltaire, coída que "todos os escritores deberíamos ter un blog porque é un xeito de explicar o mundo, deberíamos entrar en Tuenti e no Facebook, como un complemento, porque xa non só se suscitan polémicas nos diarios". Pola contra, Jaureguizar critica a tendencia a crear blogs na rede "para promocionar novelas". "É un erro porque teño dúbidas de que teña resultados efectivos", remarca. ■